

ACTA NÚMERO: 15/2023

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 28 DE ABRIL DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas e trinta minutos do día 28 de abril de 2023 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación
- Don Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Daniel Romay Díaz, Director de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 21 de abril de 2023 (Reunión 14/2023).*
2. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)". (Expte.- 2022074028).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza". (Expte.- 2022049711).*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actualización da instalación de climatización e ventilación do Pazo Provincial". (Expte.- 2020056692).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontearreas - As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)". (Expte.- 2022068472).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "único" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Substitución das tubaxes de climatización da cuberta do Edificio Castelaio do Museo de Pontevedra". (Expte.- 2023001592).*
7. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)". (Expte.- 2022045200).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)". (Expte.- 2022045200).*
9. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)". (Expte.- 2022070641).*
10. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)". (Expte.- 2022070641).*
11. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns, P.Q. 6+000 ao P.Q. 11+500 (Concello de Gondomar)". (Expte.- 2022072779).*



12. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns, P.Q. 6+000 ao P.Q. 11+500 (Concello de Gondomar)". (Expte.- (Expte.- 2022072779).*
13. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)". (Expte.- 2023000959).*
14. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)". (Expte.- 2023000959).*
15. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 7204 Soutelo-Ratel, dende o P.Q. 5+000 ó P.Q. 9+429 (Concello de Forcarei)". (Expte.- 2023000984).*
16. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 7204 Soutelo-Ratel, dende o P.Q. 5+000 ó P.Q. 9+429 (Concello de Forcarei)". (Expte.- 2023000984).*
17. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9801 Ponte-A Laxes, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+251 (Concello de Illa de Arousa)". (Expte.- 20223000985).*
18. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9801 Ponte-A Laxes, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+251 (Concello de Illa de Arousa)". (Expte.- 2023000985).*

FORA DA ORDE DO DÍA:

- *Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura 2023. (Expte. 2023020014).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego e D. Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 21 de abril de 2023 (Reunión 14/2023).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 21 de abril de 2023 (Reunión 14/2023).

2. Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)". (Expte.- 2022074028).

O Secretario informa que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 3 de marzo de 2023 aprobou o expediente de contratación para a adjudicación, mediante



procedemento aberto simplificado, da execución da obra “Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)”, cun orzamento base de licitación de 5002.647,50 €.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de marzo de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 30/03/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliábel mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L..

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola, con data 10/04/2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:



LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	16,00	2,00	18,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	2,00	22,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	2,00	18,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	2,00	22,00
NAROM, S.L.	20,00	2,00	22,00
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	22,00	3,00	25,00

A Mesa de Contratación na reunión de data 14/04/2023 en base ó informe enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola, de data 10/04/2023, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

A Mesa de Contratación na reunión do día 14/04/2023 tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	407.933,76 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	383.009,09 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	392.646,62 €	3%	36 MESES	SI	SI



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	385.916,97 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	394.931,39 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	414.663,41 €	3%	36 MESES	SI	SI
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	395.679,13 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiña valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da Mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	6,51	5,00	5,00	5,00	21,51
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	19,02	5,00	5,00	5,00	34,02
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	23,98	5,00	5,00	5,00	38,98
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y	17,33	5,00	5,00	5,00	32,33



LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.					
NAROM, S.L.	0,65	5,00	5,00	5,00	15,65
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	16,78	5,00	5,00	5,00	31,78

A Mesa de Contratación acorda:

- Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
- Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	18,00	38,98	56,98
2	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	25,00	31,78	56,78
3	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00	34,02	56,02
4	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	22,00	32,33	54,33
5	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	24,00	21,51	45,51
6	NAROM, S.L.	22,00	15,65	37,65

- Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)" á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., de acordo co seguinte detalle:



Importe ofertado385.916,97 €
IVE (21%)81.042,56 €
Importe Total 466.959,53 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 421) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 19.295,85 €



3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza". (Expte.- 2022049711).

O Secretario informa que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 3 de marzo de 2023 aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza" cun orzamento base de licitación de 411.015,58 €

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de marzo de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 30/03/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L..

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola, con data 10/04/2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da



documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	16,00	2,00	18,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	2,00	16,00
NAROM, S.L.	20,00	2,00	22,00

A Mesa de Contratación na súa reunión de data 14/04/2023 en base ó informe enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola, de data 10/04/2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

A Mesa de Contratación na reunión de data 14 de abril de 2023 tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	264.390,70 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	313.458,82 €	3%	36 MESES	SI	SI



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	332.548,97 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	337.338,49 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da Mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxeran para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L, presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	25,75	5,00	5,00	5,00	40,75
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES	7,88	5,00	5,00	5,00	22,88



LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.					
NAROM, S.L.	2,59	5,00	5,00	5,00	17,59

A Mesa de Contratación acorda,

1. Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza)" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	18,00	40,75	58,75
2	NAROM, S.L.	22,00	17,59	39,59
3	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	22,88	38,88

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza)" á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado313.458,82 €

IVE (21%)65.826,35 €

Importe Total 379.285,17 €



O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 3867) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 15.672,94 €

4. Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actualización da instalación de climatización e ventilación do Pazo Provincial". (Expte.- 2020056692).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que Resolución Presidencial número 2023000217 de data 13/03/2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Actualización das instalacións de climatización e ventilación do Pazo Provincial” cun orzamento base de licitación de 106.070,91 € IVE incluído. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13/03/2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.
- EMERGIS CONSTRUCCIONES, S.L.
- INSTALACIONES Y SERVICIOS VMA GALICIA, S.L.
- SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A.
- TECNOSERVICIO ORENSANO, S.L.
- TERMOCALOR VIGO, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:



LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	79.684,67 €	3%	36 MESES	NO	NO
EMERGIS CONSTRUCCIONES, S.L.	86.641,07 €	3%	36 MESES	SI	SI
INSTALACIONES Y SERVICIOS VMA GALICIA, S.L.	77.995,40 €	3%	36 MESES	NO	NO
SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A.	86.273,75 €	3%	36 MESES	SI	SI
TECNOSERVICIO ORENSANO, S.L.	74.512,62 €	3%	36 MESES	NO	NO

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a etiqueta UNE-ENE ISO 9001 presentada na oferta da empresa DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L., non está relacionada co obxecto do contrato, polo non debe de ser tida en conta na valoración desta oferta.

A Mesa de contratación tamén detecta que as ofertas presentadas polas empresas INSTALACIONES Y SERVICIOS VMA GALICIA, S.L. e TECNOSERVICIO ORENSANO, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir as citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen a oferta e precisen as condicións das mesmas, en particular o baixo nivel de presos co desglose do orzamento con prezos descompostos por partidas e resumo de capítulos, acreditando que os custos de persoal estimáronse de acordo co convenio colectivo vixente para os traballadores que han de realizar os traballos, e as súas cotizacións sociais, rexeitándose a xustificación que non acrediten adecuadamente tales extremos

Rematado o prazo do requirimento, non consta que as empresas INSTALACIONES Y SERVICIOS VMA GALICIA, S.L. e TECNOSERVICIO ORENSANO, S.L., presentaran xustificación algunha das súas ofertas polo que NON deben ser tidas en consideración no proceso de adjudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:



LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	37,37	10,00	10,00	0,00	57,37
EMERGIS CONSTRUCCIONES, S.L.	5,14	10,00	10,00	5,00	30,14
SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A.	6,99	10,00	10,00	5,00	31,99
TERMOCALOR VIGO, S.L.	33,25	10,00	10,00	2,50	55,75

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó Órgano de Contratación, excluir do procedemento as ofertas presentadas polas empresas INSTALACIONES Y SERVICIOS VMA GALICIA, S.L. e TECNOSERVICIO ORENSANO, S.L. pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto de "Actualización da instalación de climatización e ventilación do Pazo Provincial" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	57,37
2	TERMOCALOR VIGO, S.L.	55,75
3	SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A.	31,99
4	EMERGIS CONSTRUCCIONES, S.L.	30,14

3. Propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actualización da instalación de climatización e ventilación do Pazo Provincial" á empresa DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS S.L. (CIF B94129368), de acordo co seguinte detalle:



Importe ofertado	79.684,67 €
IVE (21%)	16.733,78 €
Importe Total	96.418,45 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 4994) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS S.L. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro, enxeñeiro técnico. Deberá ter unha experiencia mínima de dúas intervencións en contratos de características similares, polo menos unha delas nun edificio con algún grao de protección segundo a lexislación vixente en materia de patrimonio cultural
- 1 Encargado Xeral, con experiencia mínima como encargado xeral de dúas intervencións en contratos de características similares, polo menos unha delas nun edificio con algún grao de protección segundo a lexislación vixente en materia de patrimonio cultural.

b) Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica

Solvencia económica e financeira

Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.



O volume anual de negocios da persoa licitadora acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou licitador deberá presentar os seguintes documentos:

Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución. Estes certificados indicarán o importe, a datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

- b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 3.984,23 €

5. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Ponteareas - As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)". (Expte.- 2022068472).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Ponteareas - As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de abril de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir ás seguintes empresas:
 - EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL
 - CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

- 6. *Apertura electrónica dos sobres "único" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Substitución das tubaxes de climatización da cuberta do Edificio Castelao do Museo de Pontevedra". (Expte.- 2023001592).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL número 2023002639 de data 30/03/2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Substitución das tubaxes de climatización da cuberta do Edificio Castelao do Museo de Pontevedra".



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de abril de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- BELENUS-NATUR, S.LU
- EMERGIS CONSTRUCCIONES, S.L.
- TERMOCALOR VIGO, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
BELENUS-NATUR, S.L.U.	75.307,16 €	3%	36 MESES	NO	NO
EMERGIS CONSTRUCCIONES, S.L.	80.955,12 €	3%	36 MESES	SI	SI
TERMOCALOR VIGO, S.L.	77.633,28 €	3%	36 MESES	SI	NO



A continuación e de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, procedeuse á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
BELENUS-NATUR, S.L.U.	42,78	10,00	10,00	0,00	62,78
EMERGIS CONSTRUCCIONES, S.L.	16,50	10,00	10,00	5,00	41,50
TERMOCALOR VIGO, S.L.	32,26	10,00	10,00	2,50	54,76

En base ás puntuacións obtidas, a Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución da obra "*Substitución das tubaxes de climatización da cuberta do Edificio Castelao do Museo de Pontevedra*" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1 ^a	BELENUS-NATUR, S.L.U.	62,78
2 ^a	TERMOCALOR VIGO, S.L.	54,40
3 ^a	EMERGIS CONSTRUCCIONES, S.L.	41,37

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso o Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Substitución das tubaxes de climatización da cuberta do Edificio Castelao do Museo de Pontevedra*" á empresa, BELENUS-NATUR, S.L.U., por un importe de 91.121,66 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado75.307,16 €
 IVE (21%)15.814,50 €
 Importe Total91.121,66 €



O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa, BELENUS-NATUR, S.L.U., (B70322011) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, BELENUS-NATUR, S.L.U.,, mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 2 anos en contratos de características similares
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Arquitecto, Enxeñeiro Superior, Aparellador o Enxeñeiro Técnico, ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 2 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 2 anos en contratos de características similares.
- b) A documentación relativa á acreditación da solvencia económico-financeira e técnica que figura no prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe esta contratación.
- c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 3.765,36 €.

7. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)". (Expte.- 2022045200).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da



execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)*”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de marzo de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.
- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS SL
- NAROM SL

O Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, con data 24 de abril de 2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAIS	TOTAL SOBRE A
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	20,00	3,00	23,00
ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	16,00	2,00	18,00
NAROM S.L.	16,00	2,00	18,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, de data 24 de abril de 2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)*”.

